

# AOS NÓSOS AMORES 1546

Maurice Pialat, 1983

ESTREA EN NUMAX: 04.07.2025 | V.O.S.E. | +16 | 95 min

Suzanne é unha moza de dezaseis anos cunha vida sexual moi activa pero sen interese polas relacións románticas. Na súa casa, a situación é tensa: seu pai abandonounos, súa nai ten tendencias neuróticas e seu irmán bate nela. O filme máis aclamado de Maurice Pialat, gañador do César a Mellor Filme, chega a cinemas españois nunha nova restauración 2K.

«O único cineasta que me interesa é Maurice Pialat»

Jean Eustache



## Entrevista con Sylvie Pialat: «O cinema de Pialat nunca mira a ninguén desde arriba»

Por Miriam González Ruíz

**Cando lle chegou a noticia desta retrospectiva sobre Maurice Pialat, que sentiu?** Alegreime enormemente porque Maurice non é coñecido no estranxeiro, en España tampouco.

**Como definiría a obra de Pialat para aquelas persoas que non a coñecen?** Son películas que falan dunha forma moi horizontal, nunca mira a ninguén desde arriba. É un cineasta que non procede dunha extracción burguesa, que antes de facer películas traballou durante 20 anos. Pero traballou de verdade. E que, por tanto, ten unha observación do diario, da xente sinxela. Nas súas películas tocou os grandes temas da vida, a infancia, a familia, a parella, a ruptura, ter un fillo... Aínda que tamén traballou na adaptación dunha novela francesa, *Baixo o sol de Satán* (1987), e o biopic sobre *Van Gogh* (1991).

**Para vostede, a humanidade tamén radica nas relacións entre as persoas?** Para min si, desde logo. É algo que os dous tiñamos moi en común. É alguén para quen non había xerarquías, nunca. A bolseira era tan importante como o director de fotografía. Daba igual. E eu tamén traballo así.

**Chegan a ser as súas películas autobiográficas?** Si, a miúdo hai algo autobiográfico. O arranque da película sempre teñen algo del, para chegar a alcanzar algo que fale a todo o mundo. Non diría universal, pero si algo que fale a todos. Esa é a particularidade do seu cinema. Non hai un xuízo, el non emite xuízos.

**Que relación tivo Pialat coa *Nouvelle Vague*?** Eran moi diferentes, intelectuais, críticos, xornalistas, personalidades do cinema... e el non viña de aí. Coñecíanse, si, pero nunca tivo a sensación de pertencer a un grupo.

**E chegou a colaborar con eles dalgunha forma?** Non, el nunca colaborou con eles. Pero, Truffaut e Godard, axudáronlle a facer a súa primeira película. El inspírase moito máis na vida.

**Como era traballar con Pialat?** Particular, porque non lle gustaba escribir, só filmar. Entón, como había que escribir algo, había que escoitar o que dicía.

**Como animaría aos españois para acudir aos cinemas para ver as películas de Maurice Pialat?** As películas de Maurice teñen algo especial. Non envellecen. Entón, o que me gusta sobre todo é que vaian mozos e teñan a sensación de que a película fala con eles. Que lles diga algo aínda hoxe, a pesar de teren pasado tantos anos.

**Por que cre que non envellecen?** Hai algo no seu cinema que cruza o tempo. Mentres que outras películas quedan na época, as súas permanecen no tempo. Hai unha anécdota sobre *Aos nosos amores* (a primeira vez que traballamos xuntos) que me gusta especialmente. A película escribiuse para que ocorrese a finais dos 60, principios dos 70. Mesmo 1965. Entón, o decorado, o vestiario, a maquillaxe... todo estaba pensado para ser nesa época. Un día chega Maurice e ve a Sandrine Bonnaire chegar coa súa roupa moderna. Ao vela pregunta, «por que non está vestida así na película?», e contéstanlle que transcorre 20 anos atrás. A súa resposta foi «non, non, agora a película ocorre hoxe». Cambiouse todo, menos o decorado. Xogando con ese hoxe, pero de onte.